

# Elementos ornamentais e mobiliario

1921

5

2021

## A fonte

### A fonte circular 1924 -1928

Xunto co quiosco constituían os dous elementos de adorno máis importantes das prazas circulares.

### A fonte deseñada por Ruperto Sánchez e labrada por Manuel Mallo Mallo 1954.

No lugar onde estivo a primeira fonte fíxose a pia circular da fonte actual, e no medio un neno montado sobre un caracol labrado por Mallo que botaba a auga polos cornos e que hoxe está no estanque. Posteriormente fíxose a árbore, que consta dunha base circular



O estanque antes de facer a pasarela



A primeira fonte nunha foto de Constantino Rodríguez

da que arrinca un fuste poligonal bombeado na parte inferior, en cuxas caras vanse alternando os dous motivos xacobeos (a vieira ou cunha de peregrino e a cruz de Santiago) e dous pratos que recolle a auga que sae pola alcachofa de remate.

### O Estanque 1926

Destinado ás aves acuáticas e pasatempo da infancia, conta cunha pasarela ou pontella, que é un dos seus elementos característicos. Foi acondicionado en 1993.

### Escalinata principal de acceso ao parque 1923

A pesar de que foi unha das primeiras obras que se fixeron no parque, non se concluíu ata 1927. Foi acondicionada a entrada en 2002.

### As aves

Desde o primeiro momento as aves formaron parte da vida do Parque. Gansos, cisnes, patos, pavos reais, pombas, papagaio, etc



O banco xa realizado en pedra e ferro e un dos usuarios nos bancos orixinais

### O pombal 1924

Este edificio desapareceu e só se conserva o colocado sobre a cuberta do mapa da Península Ibérica. Na memoria asinada polo arquitecto municipal Ramiro Sainz, di que ademais de ser un motivo de embelecemento está destinado á colombicultura (cría

e adestramento de pombas para convertelas en pombas mensaxeiras capaces de volve ao seu pombal).

### A paxareira 1970


Situada nas inmediacións do estanque e destinada a albergar distintas especies de paxaros. Esta estrutura derrubouse.

### Os bancos 1923


Ademais dos bancos de obra, revestidos de azulexos que se colocaron na praza principal do parque, ao redor da fonte, puxéronse bancos con asento e respaldo de madeira e pés de ferro.

### Os farois 1923


Deseñáronse varios modelos de farois e columnas para alumado.



Plano co alzado e a sección do pombal proxectado por Ramiro Sainz




Plano de farola Art Déco de Eloy Maquieira



Escanéame para leerme en castellano!

  
Concello de Lugo  
ALCALDÍA  
Medio Ambiente



**LUGO**  
cidade viva